



Deputación
DA CORUÑA

28 de xuño

Día Internacional do Orgullo


Guía de recursos na Biblioteca Provincial

Biblioteca
Deputación



Ensaio

- **As múltiples cores da vida: corpos, identidades e orientacións sexuais.** María Victoria Carrera Fernández, Nazaret Blanco Pardo (coords.) **GAL I 296**



Máis de medio século despois das revoltas de Stonewall Inn (Nova York, 1969), os avances en relación á situación das persoas LGBTI son innegables en practicamente todas as sociedades que se consideran a si mesmas desenvolvidas, mais queda aínda moito por conseguir.


Neste libro, coordinado por María Victoria Carrera Fernández e Nazaret Blanco Pardo, achéganse traballos onde se nos amosa a dura realidade que ten que afrontar este colectivo: discriminación, violencia, dificultades de integración, etc., á vez que se fan propostas de estratexias para promover unha sociedade máis xusta e libre de discriminacións e violencia.

- **O cento voando: amores, alianzas e non-monogamias.** Andrea Nunes Brións, Ánxela Lema París (coords.) **GAL I 251**



Aquí encontrarás paxaros que non mercaron o discurso hexemónico e capitalista do amor e que se lanzaron a voar libres, valentes; reflexións sobre maternidades bisexuais e non-monógamas; reivindicacións da potencialidade revolucionaria das amigas e amigos; metaamores que rexeitan o termo para reivindicar o seu propio lugar; apostas políticas nas convivencias interxeracionais; cuestionamentos dos privilexios e do desexo entendido como un construto social; análises da relación entre monogamias e capitalismo ou exposicións dos conflitos e dificultades diarias a que se enfrontan as persoas que apostan por unha vida poliamorosa transfeminista.

- **Ni enfermos ni pecadores: [la violencia silenciada de las “terapias de conversión” en España]. Saúl Castro** **GAL/16943**



Unha denuncia a un fenómeno tan escandaloso como arraigado en España: as chamadas "terapias de conversión", esas prácticas pseudocientíficas, inútiles pero altamente perigosas, que se perpetraron no noso país desde distintas instancias, co intento de enganar sobre a posibilidade de modificar ou suprimir a expresión e identidade de xénero ou a orientación sexual das persoas.

- **¿Quién teme al género? Judith Butler**

3M/8710



Fundáronse en todo o mundo movementos de ideoloxía antixénero dedicados a facer circular a fantasía de que o xénero é unha ameaza perigosa para as familias, as culturas locais, a civilización, e mesmo para o propio «home». Inflamados pola retórica de figuras públicas e operando en tándem cos enganosos relatos da teoría crítica da raza e o pánico xenófobo á migración, estes movementos tentaron derrogar a xustiza reprodutiva, socavar as proteccións contra a violencia e desposuír dos seus dereitos ás persoas trans e queer demonizando as loitas pola igualdade e deixando a millóns de persoas vulnerables á subxugación.


- **Transféminas ou como deconstruír o corpo co martelo. Iria Presedo Martínez** GAL/10362



Disforia de xénero. Estróxenos. Bisturí. Sexo. Dominación. Subxectividades de fronteira. Heteronormatividade. Inxustiza. Milleiros de corpos sofren a condena dun espolio identitario provocado polo aparello de disciplinamento de xénero normativo, característico das institucións psiquiátricas e as prácticas propias do biopoder contemporáneo. Dende a diferenza e eclosionando nas marxes, están elas, as transféminas, facendo arder o mesmo lume que as consome. Enfrontándose dende o cotiá ás venenosas raíces patriarcais que queren ancorar e mutilar o seu ser, elas están mudando os termos, mudando os tempos. Con elas esta é a loita de todas.

- **La nueva homosexualidad. Marina Castañeda**


3M/24426



A autora de "A experiencia homosexual" explica neste novo libro os diferentes factores que permitiron chegar onde por fin estamos: a integración social e o recoñecemento dos dereitos das persoas homosexuais. Presenta un panorama da maneira como se vive hoxe a homosexualidade e aborda as diferentes expresións e implicacións da actual tendencia a unha completa integración. Está escrito con optimismo polas indubidables conquistas, pero sen esquecer que hai unha dereita relixiosa en permanente campaña contra gais e lesbianas, e coa conciencia de que aínda falta moito por facer.

- **La nueva adolescencia homosexual. Ritch C. Savin-Williams.**


GAL/14554



Este libro ofrece un orixinal e profundo exame sobre a nova adolescencia homosexual, baseado en numerosas investigacións, contextualizándoas historicamente e tomando en consideración os discursos sociopolíticos dominantes acerca das relacións gais, lesbianas e bisexuais.


- **A homosexualidade a debate. Xosé M. Buxán Bran [et al.]**

GAL/10320



Cal é o debate sobre a homosexualidade hoxe? Onde se sitúa e en que termos se establece? Cales adoitan ser as actitudes máis prexuízosas dos heterosexuais fronte aos homosexuais? Por que aínda hai quen se opón á homosexualidade? Por que existe a homofobia e os homófobos que exercen a violencia contra os homosexuais? Cales son as diferenzas de criterio entre as feministas lesbianas dos anos 60 e 70 e as lesbianas dos 80 e 90? Conscientes da necesidade de que se fale e se debata sobre todos estas cuestións e para dar a coñecer que é o que se opina desde o pensamento feminista e homosexual e desde os colectivos de lesbianas e gais na Galicia actual.

- **Una homosexualidad propia: una reivindicación de la identidad lésbica a través de sus referentes culturales. Inés Martín Rodrigo.** 3M/7292




«Este é o texto que quixese ler antes de xulgarme sen coñecerme.» Con estas palabras describe a súa autora este testemuño valente, froito do compromiso e a responsabilidade, no que relata o descubrimento da súa orientación sexual. Un camiño ás apalpadelas, se non ás escuras, ata que puido darse a oportunidade de saber quen era. Da imposición da normalidade, sempre normativa, consecuencia dunha sociedade heteropatriarcal, á procura de referentes lésbicos nun mundo, cultural e social, carente deles. A historia do silenciado, o estigmatizado, o oculto. Porque os dereitos poden perderse, e é precisamente nos momentos críticos cando hai que dar un paso á fronte. Sen medo. Con orgullo.

- **Más allá de las etiquetas: mujeres, hombres y transexuales. Coral Herrera Gómez** 3M/7306



Os distintos movementos de liberación -feminista, homo, lesbo, trans ou queer- ensináronnos o camiño cara a unha igualdade afastada das clasificacións conservadoras e universais. En lugar de buscar novas formas de clasificación, facendo un percorrido histórico a través das distintas formas de definir os xéneros -homes, mulleres e trans-, Máis aló das etiquetas convídanos a analizar os mitos implantados polo patriarcado, romper con todos eses roles impostos pola sociedade, deconstruír os estereotipos, tomar conciencia da riqueza das nosas diferenzas, intercambiar papeis, pasar os límites, dar renda solta ao desexo, incluír a tenrura na aventura ocasional e atrevernos a expresar emocións. En definitiva, a aprender a vivir máis aló das etiquetas.

- **Transexualidad: la búsqueda de una identidad. Antonio Becerra-Fernández [coordinador]** 3M/20113



Trinta e un autores nacionais e internacionais colaboran na elaboración de 21 capítulos que abordan aspectos moi diversos do tema. Entre eles, ademais de endocrinólogos, hai psicólogos, sexólogos, psiquiatras, fisiólogos, xinecólogos e especialistas en cirurxía plástica e reparadora, todos eles profesionais implicados en diferentes aspectos da atención ao transexual. Sorprenden moi gratamente os 2 capítulos elaborados por membros pertencentes a grupos de transexuais españois.

Ao longo dos 21 capítulos, desenvólvense desde o proceso fisiolóxico da diferenciación sexual, ata a cirurxía de reatribución de sexo, pasando polo diagnóstico da transexualidade e o seu tratamento médico.


- **Gays y lesbianas: vida y cultura un legado universal. Robert Aldrich (ed.)** 3M/6416



Desde tempos inmemoriais, en todo o mundo houbo mulleres e homes desexosos de intimidade física e emocional con persoas do seu mesmo sexo. A historia destas persoas, durante moitos anos esquecida, borrada, ignorada ou reescrita, pasou a ser recentemente o foco dunha asombrosa proliferación de estudos. Abríronse novas e distintas vías de investigación e cuestionáronse vellos supostos. Gais e lesbianas. Vida e cultura. Un legado universal faise eco destas investigacións para presentar unha suxestiva e reveladora reflexión sobre o que ata hai pouco se podería denominar historia secreta.

- **Salir de la heterosexualidad. Juliet Drouar.**

3M/6450



Este libro é un manifesto que avoga por unha sociedade igualitaria que xere persoas en lugar de homes/mulleres. Unha sociedade que se reformule a forma de facer comunidade, de vivir, de amar, de follar sen sexismo.

Convídanos a repensar os seres na súa infinita complexidade, a inmensidade dos seus desexos e das súas identidades, incidindo onde máis doe: saír do sistema heteronormativo é practicamente a única forma de reconfigurar as nosas relacións dun modo diferente ao da dominación.

- **Antes que anochezca. Reinaldo Arenas**

3Z/970



En decembro de 1990, Reinaldo Arenas, moi enfermo de SIDA, suicidábase en Nova York deixando este estarrecedor testemuño persoal e político, unhas memorias ás que puxera o punto final apenas uns días antes de acabar coa súa vida. Arenas reunía as tres condicións ideais para converterse nun dos moitos parias perseguidos polo réxime carcerario da Cuba castrista: era escritor, homosexual e disidente. A recuperación deste testemuño, pon en evidencia que, trinta anos despois daquel berro desgarrador, aínda se silencia e encarcera a intelectuais e opositores, e segue sendo máis oportuna que nunca esta reivindicación dos dereitos civís e persoais, agora que parecen estar nun continuo retroceso. Dos baixos fondos da Habana, onde malviven os excluídos do sistema, á opresión no exterior, a vida de Arenas foi, moi ao seu pesar, unha delicada e comprometida peripecia vital e intelectual.

- **El amor en tiempos oscuros y otras historias de vidas y literatura gay. Colm Tóibí**


3M/20554



Neste apaixonante libro, Colm Tóibín escribe sobre a vida e obra dalgúns dos artistas máis influentes dos séculos XIX e XX. Á luz dos tempos que lles tocou vivir, Tóibín analiza como cada un deles afrontou a súa homosexualidade, e como esta influíu na súa produción artística. Este libro constitúe un encontro íntimo con Óscar Wilde, Thomas Mann, Elizabeth Bishop e Pedro Almodóvar, entre outros.

- **Londres gay: historia de la homosexualidad de los romanos a nuestros días. Peter Ackroyd**


3M/852



No Londinium romano, o pene era adorado e a homosexualidade considerábase admirable. A cidade estaba salpicada de Lupanarias ('casas de lobos' ou casas de pracer públicas), fornices (bordeis) e thermiae (baños quentes). Séculos máis tarde, o emperador Constantino, cos seus bispos e clérigos, monxes e misioneiros, promulgou as primeiras leis contra as prácticas homosexuais.

O que seguiu foi un ciclo interminable de permisividade e censura alternas, desde os notorios normandos, cuxo poder militar dependía da lealdade masculina, ata o travestismo de moda da década de 1620, pasando polo frenesí de execucións por sodomía a principios do século XIX e da "praga gai" dos anos oitenta do pasado século XX.

- **El laberinto queer: la identidad en tiempos de neoliberalismo. Susana López Penedo** 3M/26592



Este libro explica a xénese da teoría queer e o seu desenvolvemento, analizando e compilando os diferentes discursos que se ven implicados nela. Ofrece ao lector de fala hispana unhas claves de lectura para un novo concepto crítico nado no mundo anglosaxón, pouco coñecido aínda en España pero imprescindible para comprender os parámetros nos que se moven os estudos sobre xénero e a homosexualidade a día de hoxe.

- **Memoria diversa. Eva Mejuto**

LDC/40




Preséntase neste libro unha serie de conversas sobre o movemento Lgbtqi+ para contribuír á recuperación dunha memoria diversa e plural. A proposta nace para dar visibilidade ás persoas que loitaron pola dignificación deste colectivo e as vítimas da represión e o rexeitamento por cuestións de orientación ou identidade de xénero.

Narrativa

- **¡Baila! Maurane Mazars.**

3X/1109



Alemaña, 1957. Uli é un mozo apaixonado dos musicais que alberga un gran soño: converterse nun bailarín famoso de Broadway. Pero como estudante de danza moderna na prestixiosa escola Folkwang, a súa personalidade risoña e a súa extravertida forma de bailar tópanse de fronte co desánimo e o nihilismo da Europa de posguerra. Nunha viaxe a Berlín coñece a Anthony, un novo bailarín estadounidense. A atracción é inmediata e lévaos a manter un idilio breve pero apaixonado durante o que Anthony lle canta a Uli as marabillas de Nova York transportándoo ao vibrante mundo entre bambolinas de Broadway. Os mozos sepáranse, pero, seducido polo soño americano, Uli fará as maletas e embarcarase nunha aventura que o levará a unha nova vida chea de cor e movemento, pero tamén de decepción, crúa realidade e amargo desamor.

- **Chica conoce chico. Ali Smith.**

3A/5465



«E agora falareivos de cando eu era unha moza, di o noso avó». Así comeza esta novela na que Ali Smith volve sorprender, nesta ocasión revisitando as Metamorfoses de Ovidio. A historia céntrase en dúas irmás, Imogen e Anthea, que viven nunha casa que lles deixaron os seus avós. Imogen está atada á terra, tratando de encaixar en Pure, a compañía de auga embotellada na que ambas as dúas traballan, mesmo cando queda claro que a compañía está dirixida por persoas sen escrúpulos. Ali Smith cóntanos unha historia sobre mozos, mozas, amor e transformación; unha historia de xogos de palabras, literatura e revelacións. «[...] e nada perdura e nada se perde e nada perece, e as cousas sempre poden cambiar porque as cousas sempre cambiarán e sempre serán distintas, porque as cousas sempre poden ser distintas».

- **Tres chupitos en Mikonos. Josu Diamond.**

3A/5797



O maior cruceiro gai da historia abre as súas portas. Destino final: Mikonos. Os mozos pensan que en metade do océano e cos seus mellores amigos poderán esquecerse de todo e de todos. Pero Grecia é a terra das grandes traxedias e algúns amores do pasado teñen billete para subir ao barco. Nas súas maletas levan o drama.

- **Box Hill. Adam Mars-Jones.**


3A/4125



En 1975, o domingo do seu décimo oitavo aniversario Colin dá un paseo por Box Hill, un lugar frecuentado por moteiros e homes que se perden entre os arbustos. Alí tropézase accidentalmente con Ray, un motociclista que dorme a sesta debaixo dunha árbore e cambiaralle a vida. En pouco tempo Colin pasa de pasaxeiro na súa moto a compañeiro de piso, adaptándose a algunhas regras alarmantemente prohibitivas, que inclúen non sentarse no sofá e non deixar a cama de Ray sen facer, a pesar de que non se lle permita durmir nela. E eso só para empezar.

- **Pureza. Garth Greenwell.**


3A/4483



Na cidade de Sofía respíranse os axitados aires dunha democracia apenas estreada. Polas súas rúas desfilan novos estudantes con cancións e proclamas á conquista de novas liberdades, mentres os vellos edificios socialistas se deterioran lentamente. No medio desta atmosfera efervescente, Garth Greenwell dá voz a un profesor estadounidense que logrou facer de Bulgaria o seu fogar. Ao principio da novela o noso protagonista acaba de separarse de R., o único home ao que amou cun sentimento de pureza que nin sequera cría posible. Nesta nova etapa da súa vida, unha serie de encontros con estudantes, outros escritores como el ou amantes esporádicos poñen de manifesto novas formas de intimidade, poder e desexo que o enfrontarán ás súas cicatrices.

- **El enigma. Jan Morris**

3M/30112



Enigma é un dos primeiros libros en expor a transexualidade con honestidade e naturalidade. Jan Morris cóntanos como decidiu someterse a un tratamento hormonal para logo enfrontarse a unha arriscada cirurxía que a convertería na muller que realmente era. Non é a primeira memoria trans moderna, pero quizá si a primeira con ambicións literarias. *Enigma* contribuíu a establecer unha forma de pensar sobre o que significa ser trans e é un exemplo literariamente impecable e temperá da «narrativa do corpo equivocado».

- **Dos orillas: voces en la narrativa lésbica. Compilación e introducción de Minerva Salado**
3M/26116



Este volume está composto polas historias de vinte autoras que abordan as distintas arestas do universo lésbico. Conto, relato e prosa poética reúnen neste tomo que, de beira a beira —España e América—, libra a distancia do océano para ofrecer unha mostra do que están a facer as escritoras lesbianas no momento actual. Escribir é enfrontarse á historia propia e ás das demais, é tomar a folla impresa e ao relela preguntarse fronte ao texto: A que escribiu isto son eu? A resposta implica unha mirada ao interior e un novo recoñecemento do que somos. A identidade convértese en arte, en literatura, e pasa a formar parte do acervo colectivo da experiencia vivencial.

- **...que me estoy muriendo de agua: guía de narrativa lésbica española. María Castrejón**
3M/26117



Ao longo desta obra coñeceremos o rumbo que van tomando as mulleres en xeral, e as lesbianas en particular, durante o século XX no noso país. A literatura fala da vida, do que é ou do que queremos que sexa. Os libros son un retrato e un oráculo.

Nesta obra repásanse todas as novelas e contos nos que podemos atopar unha imaxe nova, desde comezos do século pasado ata hoxe mesmo. A autora tenta chegar ás lectoras mediante a voz doutras que falan antes que ela, converténdose, por tanto, nun mero fío condutor entre cada historia e cada lectora potencial. É un libro sinxelo e directo.

- **La canción del lobo (Saga Green Creek, 1). T.J. Klune**

3S/11298



Ox era só un neno cando o seu pai lle ensinou que nunca sería ningún. Ata que un día Joe cruzouse no seu camiño, e non só o aceptou como a un máis da familia, senón que tamén lle confesou o seu maior secreto, o cal cambiaría a vida de Ox para sempre...

- **La canción del cuervo (Saga Green Creek, 2). T.J. Klune**

3S/11684



Endurecido pola traizón dunha manda que o deixou atrás, Gordo xurou non volver involucrase nunca en asuntos de lobos... ou iso dicía, ata que volveron e con eles Mark Bennett.

- **Sobre mi hija. Kim Hye-jin.**


3A/5854



A narradora desta historia, unha viúva que traballa nunha residencia de anciáns en Corea do Sur, vese obrigada a compartir a súa pequena vivenda coa súa filla de trinta anos e a noiva desta, cuxa relación non aproba. Pronto, as recriminacións e prexuízos da nai fan aflorar vellos e novos conflitos entre as tres, provocando que a convivencia sexa cada vez máis difícil. Unha situación que empeora en paralelo á precarización da vida laboral da protagonista, quen comeza a cuestionarse o trato inhumano que reciben as anciás no centro no que traballa.

- **Soy tonta por quererte. Camila Sosa Villada**

3A/5146




En plena década dos anos 90 unha muller gáñase a vida como noiva de alugueiro de homes gays. Nun fumadeiro de Harlem unha travesti latina coñece intimamente nada menos que a Billie Holiday. Un grupo de rugbiers regatea o prezo dunha noite de sexo e a cambio recibe o seu merecido. Monxas, avoas, nenos e cans nunca son o que parecen... Os nove relatos que compoñen este libro están habitados por personaxes extravagantes e profundamente humanos que se enfrontan de maneiras tan estrañas como eles mesmos a unha realidade ominosa.

Cine

- **Antes que anochezca (DVD)**

791 ANT (azul)



A vida de Reinaldo Arenas é mostrada desde a súa infancia nun ambiente rural e a súa temperá participación na Revolución, ata a persecución que máis tarde experimentaría como escritor e homosexual na Cuba de Castro; desde a súa saída de Cuba no éxodo de Mariel Harbor en 1980, ata o seu exilio e morte nos Estados Unidos. É o retrato dun home cuxo afán de liberdade - artística, política, sexual - desafiou a pobreza, a censura, a persecución, o exilio e a morte.

- **Call me by your name (DVD)**


791 CAL (speak up)



Italia, verán de 1983. Elio (Timothée Chalamet), un precoz mozo de 17 anos, pasa o tempo na casa da súa familia transcribindo e escoitando música clásica, lendo e coqueteando coa súa amiga Marzia. Un día chega Oliver (Armie Hammer), un novo estudante estadounidense, que axudará o seu pai, un eminente profesor. Elio e Oliver descubren a emocionante beleza do despertar do desexo durante un verán que cambiará as súas vidas para sempre.

- **Billy Elliot (DVD)**

791 BIL (speak up)



En 1984, durante unha folga de mineiros no condado de Durham, sucédense os enfrontamentos entre piquetes e policía. Entre os mineiros máis exaltados están Tony e o seu pai. Este empeñouse en que Billy, o seu fillo pequeno, reciba clases de boxeo. Pero, aínda que o mozo ten un bo xogo de pernas, carece por completo de pegada. Un día, no ximnasio, Billy observa a clase de ballet da señora Wilkinson, unha muller de carácter severo que o anima a participar. A partir dese momento, Billy dedicarase apaixonadamente á danza.